



CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA  
CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

# Sorteos Comercio Local “Nadal 2020” BASES

Co obxectivo de premiar e incentivar as compras de Nadal de todos os veciños e veciñas da comarca da Limia no noso concello e na nosa vila, o Concello de Xunzo, coa colaboración da Asociación “Prolimia”, deciden organizar unha campaña promocional e un sorteo de premios que se rexerá polas seguintes BASES.

## PRIMEIRA. Calendario da campaña

A campaña articularase en tres semanas ao longo do mes de decembro. Ao final de cada semana realizarase o sorteo correspondente á mesma.

	Período de compras	Sorteo
SEMANA AZUL	7 - 13 DECEMBRO	14 DECEMBRO
SEMANA VERDE	14 - 20 DECEMBRO	21 DECEMBRO
SEMANA AMARELA	21 - 27 DECEMBRO	28 DECEMBRO

Cada semana terá a denominación dunha cor para poder ser diferenciada e individualizada en canto á distribución de rifas, sorteo e premios.

## SEGUNDA. Premios

Cada unha das semanas da campaña sortearanse un total de 3.300€ en premios, distribuídos do seguinte xeito:

- UN (1) PREMIO por importe de 1.000€
- CATRO (4) PREMIOS por importe de 500€
- UN (1) PREMIO por importe de 300€

Estes premios materializaranse en forma de VALES DE COMPRA para ser gastados nos establecementos adheridos á campaña.

Non poderán, en ningún caso, resultar agraciados familiares ata o segundo grao de parentesco dos propietarios/as de comercios adheridos á campaña, mediante rifas distribuídas no seu propio establecemento. De darse o caso o premio quedaría anulado automaticamente e volvería a entrar no seguinte sorteo.

## TERCEIRA. Adhesión dos comercios

Esta campaña está aberta a todos os comercios, bares, cafeterías e locais de negocio que desenvolven a súa actividade no Concello de Xunzo de Limia.

Para poder participar na campaña será **obligatoria a inscrición previa** e a aceptación de todos os compromisos relacionados coa organización e desenvolvemento da mesma.





A inscrición realizarase cubrindo o impreso modelo recollido no **Anexo I**, que poderá ser entregado ou enviado por calquera dos seguintes medios:

- Presencialmente no Rexistro do Concello (con cita previa 988550111)
- Telematicamente na sede electrónica: **xinzodelimia.sedelectronica.gal**
- Por correo electrónico ao enderezo: **nadal2020@xinzo.gal**
- Na sede da Asociación “Prolimia”

O prazo límite de recepción das solicitudes de participación dos comerciantes interesados en participar na campaña será o **30 de novembro de 2020**.

Rematado este prazo publicarase a relación de comercios adheridos e abrirase un prazo de 2 días para corrixir posíbeis erros. A relación definitiva dos comercios participantes publicarase o **3 de decembro de 2020**.

Con posterioridade a esta data non se admitirá ningunha nova inscrición.

Todos os comercios participantes recibirán a cartelería específica da campaña que deberán colocar en lugar visíbel para coñecemento e información dos clientes.

#### **CUARTA. Distribución das rifas**

Os/as comerciantes adheridos á campaña recibirán un número fixo e idéntico de talonarios de rifas para distribuír entre os clientes que realicen compras nos seus establecementos, segundo o criterio que consideren máis convinte en función da súa actividade.

Haberá tres series de rifas de diferentes cores (azul, verde e amarela) segundo as semanas da campaña.

As rifas de cada cor só terán validez para o sorteo da semana correspondente e ao remate desta serán descartadas e non poderán participar en máis sorteos.

#### **QUINTA. Sorteos**

Realizaranse tres sorteos os luns posteriores ao remate de cada semana, segundo o calendario establecido na base primeira.

Os sorteos serán públicos e os resultados dos mesmos serán inapelábeis. A relación de premiados de cada semana publicarase na web ([www.xinzodelimia.gal](http://www.xinzodelimia.gal)) e nas principais redes sociais do Concello e da Asociación “Prolimia”.

Os/as premiados/as deberán reclamar os seus premios **antes do quinto día posterior ao sorteo**, contactando co comercio no cal fixeron a compra ou chamando ao número de teléfono **604 074 804**. Se finalizado este prazo algún dos premios estivera sen reclamar declararase deserto e o seu posuidor/a perderá o dereito a reclamálo. Os premios que fiquen





desertos cada semana acumularanse e entrarán no sorteo da semana seguinte.

Os actos de entrega dos premios de cada semana realizaranse os domingos, coincidindo co sorteo da semana seguinte.

## **SEXTA. Canxe dos vales**

A cada un dos premiados/as cada semana faráselle entrega dunha serie de **VALES de compra** de diferentes valores ata completar o importe total do premio.

**Os vales de compra correspondentes a cada premio poderán canxearse en calquera dos establecementos adheridos á campaña ata o 5 de xaneiro de 2021. Pasada esta data perderán o seu valor e non se admitirán.**

Para efectuar o canxe dos vales os/as premiados/as realizaran compras polo importe correspondente ao seu valor e os comercios recollerán eses vales como pago das mesmas. Os vales son acumulativos e poderán gastarse varios deles nunha mesma compra.

Posteriormente, o comerciante emitirá unha factura polo importe da compra, que deberá presentar xunto co/s correspondente/s vale/s para ser abonada polo Concello.

Admitiranse facturas individuais, por un só vale, ou conxuntas, polo importe total dos vales consumidos no mesmo establecemento, de ser o caso.

As facturas serán emitidas a nome do Concello de Xinzo, cos seguintes datos:

**Concello de Xinzo de Limia**  
**R/ Curros Enríquez, 15 - 32630 Xinzo de Limia**  
**CIF: P3203300C**

Na factura incluírase o número de conta (IBAN) para realizar o abono e xunto coa mesma achegarase o vale ou vales correspondentes.

As facturas poderán presentarse por calquera dos seguintes medios:

- Presencialmente no Rexistro do Concello (con cita previa 988550111)
- Telematicamente na sede electrónica:  
**xinzodelimia.sedelectronica.gal**

## **SÉTIMA. Difusión e publicidade**

Publicaranse todos os nomes dos premiados/as cada semana e dos comercios nos que realizaron a compra gañadora os cales, polo feito de participar na campaña, aceptan e dan o seu consentimento para esta publicación e para cantas comunicacións públicas se consideren oportunas a través dos sistemas telemáticos e dixitais do Concello, páxina





CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA  
CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

web e redes sociais, prensa, etc. exclusivamente relacionadas coa campaña.

## **OITAVA. Aceptación das bases**

A participación nesta campaña implica necesariamente a aceptación previa, íntegra e incondicional destas BASES por parte de todos/as os/as participantes.

Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta conxuntamente polo Concello de Xunzo de Limia e a Asociación "Prolimia".

**Estas BASES poden consultarse na web do Concello:**  
**[www.xinzodelimia.gal](http://www.xinzodelimia.gal)**



Cod. Validación: 6T3YSF6ORGZ5JAC4CCKDZP975 | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

# ANEXO I

## Declaración de aceptación para participar na Campaña de Sorteos do Comercio Local “Nadal 2020”

D/Dna.

\_\_\_\_\_, con

NIF nº \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_

e correo electrónico

\_\_\_\_\_ a efectos de

contacto para comunicacións da campaña, como propietario/a do establecemento

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

### DECLARA

- Que coñece e acepta na súa integridade as BASES para participar na Campaña de Sorteos do Comercio Local “Nadal 2020”, organizada polo Concello de Xinzo de Limia en colaboración coa Asociación “Prolimia”.
- Que asume todos os compromisos recollidos nas BASES, referentes aos comercios participantes.
- Que desexa participar na referida campaña e, por tanto, SOLICITA que o seu establecemento sexa incluído na mesma como COLABORADOR.

En Xinzo de Limia, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo. \_\_\_\_\_



**CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA - CONCELLO DE XINZO  
DE LIMIA**



Cod. Validación: 6T3YSF6ORGZ5JAC4CCKDZP975 | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6